



Homenaxe a Alfonso Blanco Torrado

Manuel Regal Ledo

O pasado 9 de febreiro celebrouse en Vilalba unha merecida homenaxe a Alfonso Blanco Torrado, a quen se dedicou un Hectómetro Literario no Paseo dos Soños, nas beiras do río Madalena.

Alfonso foi membro do Consello de Redacción da revista Encrucillada dende os seus inicios, no ano 1977, ata o 2006, cando a súa saúde lle empezou a recomendar reducir viaxes e tarefas. Por iso e por todo o que para a cultura e a Igrexa galega Alfonso significa, a asociación Encrucillada fíxose presente no acto para agradecer e recoñecer a súa vida da man destes versos do noso compañeiro Manuel Regal Ledo:

De Encrucillada para Alfonso Blanco Torrado

Benquerido Alfonso,
que sorte terte
e terte coma irmán!

Que sorte contemplarte,
ao cerca e ao lonxe.
abrindo fraternidades longas
polas veas da xente e das parroquias
e apertándonos nelas!

Que sorte ser pobo ao teu carón,
e palpar na pel do corpo e da alma
os inmensos agarimos
do teu ser doce, forte e servidor!

Que sorte escoitar as túas palabras
sempre comúns e comunitarias,
sempre fundidas e refundidas
na humilde e marabillosa masa do Un,
da Unha eterna!

Que sorte poderte ollar
nos mil camiños da Chaira
cal outro Cristo peregrino dos soños,
alentado pola súa mesma paixón amorosa
cara a Deus e cara ao pobo fráxil!

Que sorte celebrarte
e celebrar en ti
o mellor do noso pobo liberado,
que levas nas túas entrañas debuxado!

Que sorte xa, para sempre,
poder buscar o teu nome no Paseo dos Soños,
bater co Hectómetro Literario que te lembra,
e gozar coa memoria de ti,
eternamente noso,
eternamente irmán!

Que sorte, meu Deus, que sorte!
Alboradas de gloria por ti,
Alfonso querido,
polo teu corpo esgotado,
de tanto ser,
de tanto amar,
de tanto servir!

Pero
que sorte terte
e terte coma irmán!